

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 12 de agosto de 2008 pola que se modifica a do 17 de marzo, pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

A Orde do 17 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo (DOG nº 64, do 3 de abril de 2008), recolle que para estas axudas existe nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia unha consignación orzamentaria de 580.323 euros, que pode ser actualizada no caso de que se aproben modificacións orzamentarias de acordo coa lexislación vixente.

En consecuencia, como existen dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2008 destinados ao financiamento das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde do 17 de marzo de 2008, cunha contía adicional de 190.000 euros, na aplicación orzamentaria 05.30.312G.480.0, coa finalidade de facer chegar estas axudas ao maior número posible de persoas beneficiarias.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2008 destinado ao financiamento das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 17 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo, na contía de 190.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312G.480.0.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na devandita orde para a presentación das solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar